

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

- 4134** *Orde ARM/574/2010, do 4 de marzo, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, polo que se establece o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras.*

O Real Decreto 2129/2008, do 26 de decembro, polo que se establece o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras, ten por obxecto establecer as normas básicas e de coordinación do dito Programa nacional e a regulación da normativa zootécnica dos animais de raza e équidos rexistrados.

A dita disposición incorpora no anexo I o Catálogo oficial de razas de gando de España.

De acordo co artigo 6 do citado real decreto, o recoñecemento, clasificación e incorporación de razas no catálogo oficial será realizado de acordo cos procedementos establecidos para estes efectos pola Comisión Nacional de Coordinación prevista no artigo 34, que incluirán en todo caso a presentación e análise da documentación da correspondente raza, así como o preceptivo informe dela.

O obxecto desta orde é actualizar o dito anexo, mediante a súa modificación, incluíndo varias razas nel e cambiando a denominación doutra, e baséase nas propostas que a Xunta de Castilla y León, a Comunidade de Madrid e a de Aragón presentaron ante a Comisión Nacional de Coordinación, que emitiu o informe favorable na súa reunión do 5 de maio de 2009.

Na elaboración desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas do sector.

Esta orde dítase ao abeiro da habilitación contida na disposición derradeira quinta do Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, que faculta o ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para modificar, contando co informe previo da Comisión Nacional de Coordinación, o Catálogo oficial de razas de ganado previsto no anexo I.

Na súa virtude, dispoño:

**Artigo único. Modificación do anexo I do Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, polo que se establece o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras.**

O anexo I do Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, polo que se establece o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras, queda modificado como segue:

Un. No punto 3.<sup>º</sup> da letra b) do número 1 (especie caprina), onde di: «Moncayo», pasa a dicir: «Moncaína».

Dos. O punto 7.<sup>º</sup> da letra b) do número 1, especies aviares, queda redactado como segue:

«7.<sup>º</sup> Especies aviares: Andaluza Azul, Valenciana de Chulilla, Euskal Oiloa, Gallina Empordanesa, Galiña de Mos, Gallina del Prat, Mallorquina, Menorquina, Murciana, Pita Pinta, Penedesenca, Utrerana, Indio de León, Pardo de León, Gallina Castellana Negra, Oca Empordanesa e Euskal Antzara.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 4 de marzo de 2010.—A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño,  
Elena Espinosa Mangana.